

Dentro do ámbito da atención e apoio *aos/ás menores*, trátase de garantir o apoio, protección, promoción e defensa dos nosos menores, así como cantas actuacións de prevención en situación de risco ou desamparo lles poidan afectar. Esta garantía de dereitos tamén abrangue ás e aos menores infractores, que de cara á súa reeducación independentemente das súas circunstancias persoais, familiares e sociais teñen que ser tidos en conta especialmente á hora de realizar programas e de impoñer as medidas xudiciais polos xulgados.

Por iso é necesario favorecer as condicións para que poidan desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións e en igualdade de oportunidades, garantíndolle apoio e protección, incrementando a atención persoal e familiar dirixida ao benestar dos menores en risco ou desamparo, a través de acollementos familiares cun total de 1.272 menores acollidos dos cales son mulleres 617, 1.833 menores protexidos pola Xunta en residencias (77 mulleres), e de programas de integración e intervención con menores, dos que se beneficiarán 400 menores, deles 194 mulleres.

Na área da *xuventude* as liñas de accións a seguir pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado para o ano 2012 son as seguintes:

Implementación do Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013, unha estratexia para a mocidade galega, no que se refire á anualidade 2012, a través da posta en marcha das accións previstas no mesmo, como son os proxectos Imaxina Atlántica, Empréndete, ou Iniciativa Xove, e actividades de lecer e tempo libre; fomentando e impulsando as accións de mobilidade xuvenil e intercambios con outras Comunidades Autónomas e con outros países; xunto a medidas que faciliten o acceso ao emprego por parte da mocidade galega.

III.1.5. OE 5. Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais

Este obxectivo comprende as actuacións dirixidas a conseguir unha Galicia máis solidaria e a atender os grupos con maiores riscos e vulnerabilidade na procura da igualdade de oportunidades e do acceso aos niveis básicos de benestar social, fomentando, así mesmo, as políticas de cohesión e integración.

Potenciarase o esforzo pola inclusión, integrando no mercado laboral ás persoas mediante unha aprendizaxe permanente, especialmente daqueles colectivos máis afastados dos mercados laborais habituais.

Neste obxectivo inclúense tamén as accións de acceso e de rehabilitación da vivenda e as actuacións dirixidas a promover a cultura da solidariedade e do voluntariado.

Este obxectivo estratéxico representa o 3,2 % do Eixe I, e o 2,3 % sobre o total do PEG, cun importe de 206,3 millóns de euros, no que a medida de maior importe é a M01 "Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos

servizos comunitarios municipais adaptándoas ás singularidades do contorno e garantindo o equilibrio territorial" (co 23,3 de obxectivo, e o 0,5 do PEG).

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
311A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	62.340.640
312A PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL	38.457.596
312C SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS	11.550.575
312F PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE	1.824.827
313B ACCIÓNS PARA A IGUALDADE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER	6.884.089
313C SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	18.321.075
313D PROTECCIÓN E APOIO DAS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO	2.868.861
451B ACCESO Á VIVENDA	49.616.395
451C DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE VIVENDA E SOLO	14.476.745

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
04-PRESIDENCIA DA XUNTA
40-SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE
50-SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN
07-CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFR.
201-INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
12-CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
01-SECRETARIA XERAL TECNICA
02-S.X. DE FAMILIA E BENESTAR
06-D.X. DA DEPENDENCIA E AUTONOMÍA PERSOAL
07-D.X. DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

As medidas do Plan Estratégico de Galicia que se van a realizar no ano 2012 son:

E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	Importe	%
<i>OE05 Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais</i>	206.340.803	
M01 Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos comunitarios municipais adaptándoas ás singularidades do contorno e garantindo o equilibrio territorial	48.141.521	23,3 %
M02 Integración e incremento de servizos e prestacións á emigración galega, os seus retornados e á poboación inmigrante	9.057.837	4,4 %
M03 Modificar ás estruturas culturais co obxecto de remover as barreiras sociais e laborais ás mulleres	9.101.686	4,4 %
M04 Establecemento de políticas que faciliten o acceso a vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos desfavorecidos	45.768.197	22,2 %
M99 Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	94.271.562	45,7 %

As Fontes de financiamento do orzamento deste Obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos xerais da C.A.	179.292.540	86,89%
FCI	230.991	0,11%
FEDER	2.075.642	1,01%
Orzamentos xerais do Estado	17.237.531	8,35%
INTERREG	178.050	0,09%
FSE	7.290.640	3,53%
OUTRAS INICIATIVAS	35.409	0,02%

No ámbito dos servizos comunitarios e inclusión social, no que fai referencia as persoas dependentes, persoas maiores e con discapacidade, é necesario:

Garantir a cobertura e capacidade de resposta da rede de servizos sociais comunitarios prestada polas corporacións locais de maneira concertada coa administración Autonómica.

Accesibilidade en todo o territorio galego ás prestacións básicas dos servizos sociais de proximidade.

Coordinar os servizos sociais de titularidade pública cos que prestan as entidades de iniciativa social sostidas con fondos públicos, nas áreas de atención social comunitaria e inclusión, coa finalidade de atender de forma coordinada e global ás novas e emerxentes necesidades sociais derivadas da crise económica.

Mellorar o rendemento dos recursos dispoñibles, e garantir a calidade na prestación dos servizos.

Neste eido establécense os seguintes obxectivos: Apoio ós colectivos en risco de exclusión social, cubrindo as necesidades básicas de persoas, anciáns e enfermas sen dereito a pensión de réxime contributivo ou non contributivo, a través da Renda de Integración Social de Galicia, cun total de 5.600 persoas beneficiadas (das que 3.400 son mulleres), e as de Axudas de Emerxencia Social, das que se beneficiarán 3.200 persoas, delas 2.000 mulleres.

Vanse realizar tamén investimentos en centros e edificios da área de benestar para a eliminación de barreiras arquitectónicas.

Facilitar a inclusión social das persoas en risco de exclusión, promovendo programas específicos de atención para colectivos con especiais dificultades de inserción, e o mantemento dunha rede de iniciativa social de centros de inclusión e emerxencia social (albergues, comedores, centros de día, centros de acollida e inserción a persoas sen fogar, etc.) do que se beneficiarán ó redor de 880 persoas de etnia xitana, delas 463 mulleres; 279 persoas "sen teito" (70 mulleres), e persoas afectadas pola SIDA. Dentro do Plan de loita contra a pobreza e a exclusión social tratarase de conseguir que 930 persoas en risco de exclusión sexan contratadas, delas 530 mulleres.

No que se refire á promoción da igualdade, no ano 2012 incidirase na promoción de programas de información e sensibilización destinados a fomentar políticas de igualdade e dos programas dirixidos a promover o liderado profesional das mulleres e a súa presenza en postos de responsabilidade; a promoción da presenza das mulleres en actividades de alta demanda e nos ámbitos da ciencia e da tecnoloxía; o apoio ao movemento asociativo das mulleres e o impulso de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

No ámbito do tratamento da violencia de xénero, trátase de previr e abordar a violencia de xénero dende as súas diferentes causas, tipoloxías, manifestacións e consecuencias, así como garantir a asistencia e protección das vítimas, con actuacións de carácter integral. As liñas básicas de actuación serán accións a través de apoio e axudas periódicas para 1.400 mulleres e fillas/os atendidas en programas de protección e apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, accións para fomentar a empregabilidade das vítimas de violencia de xénero estimándose que serán 5.375 as mulleres beneficiadas, e accións para o desenvolvemento da rede de centros de información ás mulleres.

As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen acceso prioritario ás vivendas de promoción pública e están contempladas como colectivo preferente en todas as medidas de emprego xestionadas dende a Xunta de Galicia. En relación coa prostitución, a trata e a explotación sexual, levaranse a cabo programas de información e sensibilización e programas de formación específicos para colectivos profesionais así como o impulso á creación dunha rede de entidades, centros e asociacións de apoio a este colectivo e de medidas dirixidas a facilitar a inserción laboral das mulleres que abandonen a prostitución.

No que se refire á emigración as actuacións neste obxectivo abarcan tres eidos distintos: a emigración, a inmigración e o retorno. No primeiro deles, a emigración, incidirase na asistencia sociosanitaria aos galegos e galegas residentes no exterior que se atopan en situación de precariedade, dependencia ou risco de exclusión social; no impulso dos programas relacionados cos centros galegos fomentando a súa modernización e o acceso ás novas tecnoloxías e nos programas dirixidos á xuventude galega e ao colectivo feminino do exterior para a súa participación activa nos proxectos do tecido asociativo da Galicia exterior.

No ámbito da inmigración, as actuacións estrutúranse no desenvolvemento dunha acollida de carácter integral, e en especial para situacións de vulnerabilidade; no fomento da integración sociolaboral; na promoción da saúde, prevención e retorno educativo; en actuacións dirixidas á atención integral das mulleres inmigrantes e en accións de sensibilización e fomento da convivencia intercultural.

En canto ao ámbito do retorno, reforzarase o apoio socioeconómico aos retornados a través da mellora da súa rede de información, da colaboración no ámbito da educación e formación, e da súa inserción laboral así como da acollida integral e apoio en casos de especial vulnerabilidade.